



DISCURSO ALCALDE SÁBADO 15 DE XUÑO

Señoras e señores concelleiros electos, secretaria xeral e interventor, veciñas e veciños de Bueu, bos días. Quixera agradecer ao pobo de Bueu a oportunidade que me outorgou para continuar a ser o seu alcalde.

Este recoñecemento supón a quinta vez na que son proclamado alcalde e na que asumo esta responsabilidade, aínda que o fago coas mesmas ganas e ilusión da primeira vez, coa cabeza e co corazón listos para contribuír a que Bueu avance, a que siga medrando e converténdose nun lugar cada vez máis agradable para vivir.

Vaia por diante tamén o meu agradecemento ás concelleiras e concelleiros que apoiaron a proclamación neste acto de toma de

posesión (Se hai pacto, facer referencia especial a Julio Villanueva e ACB-SON).

Ao longo destes 16 anos, pasaron polo goberno moitas persoas, concelleiras e concelleiros que quixeron sumarse a este proxecto colectivo e compartiron con nós tantas iniciativas e proxectos. A Miguel Roma Ruibal, a Mario Riobó Durán, a María Teresa Magdaleno Rodríguez, a Xosé Ramón Millán López, a Julio Villanueva González, a Andrés Lamosa Barros, a Reveca Mónica Gago Sánchez, a María Sol Novas González, a Carlos Otero Portela, a Manuel Otero Pérez, a Míriam Ferradáns Ferradás, a Laura Ogando Muñiz, a Elena Cabanelas Loira, a José Inocente García Cuervo, a Mariña Loira Ave, a Fidel Castro Quiroga, a María José Pérez Piñeiro, a Juan Carlos Eirea Eiras, a Teresa López González, a Adrián Ferrer Reboiras e a Antonio Rosales Pedrouso. Unha labor que continuaremos neste mandato, no que me acompañan Silvia Carballo

González, Martín Villanueva Pastoriza, Xosé Leal Fariña, In
ma-

culada Concepción Rodríguez Dias, Tamara Sotelo Pérez, Ricardo Verde Piñeiro e Ana Isabel Otero Pastoriza.

Evidentemente, coas pasadas eleccións do 26 de maio péchase unha etapa apaixonante de 16 anos, moi intensa a nivel persoal, e tamén de moito esforzo, traballo e compromiso. Uns anos ateigados de ilusión e ambición, nos que contribuímos colectivamente a que Bueu cambiase e se modernizase. O Bueu de hoxe é, pois, un Bueu dinámico, activo, participativo, reivindicativo, e que deixou atrás os medos e complexos, converténdose nun pobo orgulloso de si mesmo. A vila na que hoxe vivimos é moi diferente pero mantén a nosa identidade, reafirmando esa esencia que nos define como un pobo mariñeiro, único e inimitable.

O cargo de alcalde foime aportando experiencia ao longo de todos estes anos, e nunca estarei o suficientemente agradecido ao pobo de Bueu por permitirme ser o seu rexedor, o que para min supón sempre toda unha honra, un motivo de orgullo e unha enorme responsabilidade. Eu, que sempre aspirei a ser o alcalde de todo un

pobo, de todas as bueesas e bueeses, sempre desde a humildade e o respecto, procurei que en cada momento ou situación prevalecese a convivencia máis alá das diferenzas políticas que existisen. Esa actitude e compromiso persoal deberían ser sempre os referentes á hora de concibir a política, e nos que me reafirmo a diario.

As circunstancias da nova etapa son diferentes, pero a actitude e ilusión seguirán intactas, pois estamos convencidos de que o pobo de Bueu demanda de todas e todos nós, empezando polo seu alcalde, un entendemento entre as diferentes posicións políticas que permitan que a vila siga impulsándose e desenvolvéndose nos próximos anos para acadar xuntos os obxectivos e retos fixados.

A través dun sentir político activo e moi apegado ás persoas, nestes anos temos liderado moitos avances, que nos permitiron medrar como pobo e incrementar a nosa auto estima colectiva. Desde o primeiro día buscamos facilitar a relación coas persoas, facilitando sempre a relación da cidadanía co Concello. Por iso fomos

dos primeiros municipios galegos en poñer en marcha no pasado mandato a administración electrónica, o que supón unha maior axilidade e comodidade á hora de realizar trámites e xestións. Quixera destacar tamén a importante labor que realizamos a nivel económico, que foi resultado do traballo destes anos nos que lo-gramos cancelar a débeda financeira pero sen renunciar a promo-ver proxectos de cambio. Así, destaco a aposta polos equipamen-tos comunitarios, as políticas sociais, a igualdade, a diversidade, a solidariedade, e a xustiza social. Con estas ideas como bandeira, fomos capaces de aprobar o Plan Xeral de Ordenación Municipal (o PXOM), un instrumento tras o que entramos de pleno nun novo horizonte para o sector urbanístico de Bueu, que nos permitirá medrar de forma sostible e cun respecto cara ao medio natural. Desde o noso pasado e presente, avanzando cara ao futuro, porque a historia e o patrimonio non deben deixarse no esquecemento. Por iso rehabilitamos Ermelo, e o Estaleiro da Banda do Río. Me-drandodesdeolocaleavanzandocaraaoglobal,senesquecero

que somos, cunha especial atención ao turismo que valorice os nosos recursos naturais, culturais, patrimoniais e gastronómicos, ligándose fortemente co desenvolvemento da economía local, co apoio ao pequeno comercio, e co deseño de espazos urbanos e equipamentos comunitarios que fomenten a calidade de vida das persoas.

Nestes próximos anos temos por diante retos importantes. Seguiremos sendo un concello de referencia no deseño e na aplicación de estratexias que teñan en conta a sustentabilidade do planeta, o medio ambiente e o aforro enerxético, conceptos estes que se deben incluír transversalmente en todas e cada unha das políticas e proxectos que se poñan en marcha, e no que xa comezamos a traballar recentemente coa adhesión ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía.

Tras estes dezaseis anos, podo dicir con total seguridade que non entendo ningún ámbito da miña vida no que a paixón non estea presente, o que se traslada tamén ás vivencias políticas. Como xa

dixen con anterioridade, estes foron anos de moitas satisfaccións pero tamén de situacións difíciles, nas que sempre tentamos achar solucións á veciñanza e estar ao seu carón nas súas demandas. Quero continuar aportando desde a máis absoluta humildade o meu gran de area, para seguir deseñando Bueu e puxando forte para que este proxecto colectivo que comezou o 13 de xuño de 2003 nos permita seguir soñando no futuro. Porque a política só pode ter sentido se a sentimos desde dentro, e se reivindicamos os nosos soños en colectivos para que estes se convertan nunha realidade.

Grazas, unha vez máis, a todas as persoas asistentes, a todas as que a diario contribuídes á impulsión dos nosos soños e a que Bueu siga medrando e afianzándose como unha vila da que todas e todas temos que estar orgullosas.